

As MEMORIAS de Syra Alonso, agora en castelán e con 200 páxinas inéditas

O investigador Conrado J. Arranz atopou en México valiosos manuscritos descoñecidos da autora coruñesa. Un ano despois da reedición, en galego, dos *Diarios*, publicamos a versión completa desta impactante crónica da represión durante a guerra e do exilio.

FICHA TÉCNICA: 528 pp. 15,5 x 23 cms
ISBN 978-84-18567-98-8. PAPEL FSC. PVP: 28,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, MAYO DE 2026.- A escritora galega **Syra Alonso** (A Coruña, 1899-México, 1970), inédita ata hoxe en castelán, emerge nestas páxinas como unha **nova voz para a literatura española no exilio**.

Unha parte destas *Memorias* viu a luz en galego no ano 2000 (con reedición en 2025 por Alvarellos Editora), pero o recente achado en México, por parte de **Conrado J. Arranz Mínguez**, de novos e valiosos manuscritos, posibilitou esta magna edición, agora completa e anotada.

Publicada baixo o título ***El mar tenía un amargo sabor a lágrimas. Memorias (1937-1945)***, estamos ante unha das **crónicas más impactantes da represión** exercida polos sublevados durante a guerra civil española. Describindo a súa dor, Syra Alonso **reconstrúe un trauma colectivo** e documenta unha época feroz, cunha **enorme calidade literaria**. Ata agora, fóra de Galicia, a súa figura atopábase **silenciada**, difuminada pola historia, trala loita desesperada que ela emprendera para salvar ao seu marido, o pintor **Francisco Miguel**, asasinado en setembro de 1936.

Syra Alonso iniciou a escrita destas *Memorias* en Galicia en 1937 e, aínda que as concluíu en México en 1945, durante toda a súa existencia continuou reelaborando os manuscritos coma un proxecto de vida, de resistencia persoal e de anhelo de transmisión cara o futuro.



200 PÁXINAS INÉDITAS

A edición en castelán incorpora 200 páxinas rigorosamente inéditas, a partir dos manuscritos localizados en 2025 en México por Conrado J. Arranz. Entre elas, e principalmente, o capítulo titulado “Memoria da Coruña” onde Syra narra a súa infancia e xuventude na súa cidade natal, conta como coñeceu ao seu home, o pintor Francisco Miguel, e relata os seus viaxes xuntos nos anos 20 a París ou Madrid, ata a época na que viviron en México entre 1927 e 1933.

Syra Alonso. Escritora galega cuxa obra está profundamente marcada polo a memoria da guerra civil e o exilio republicano español. Nacida n’ A Coruña, viviu a sublevación militar e o asasinato do seu esposo, experiencia que trasladou a unha escrita de forte carga testemuñal. Xa en México, concluíu as súas memorias e narrou a vida cotiá dunha comunidade orixinaria nahua e totonaca. A súa obra reconstrúe vivencias persoais e colectivas do exilio, e constitúe un valioso testemuño sobre as consecuencias humanas da guerra e a diáspora republicana.

Conrado J. Arranz Mínguez. Profesor-investigador titular a tempo completo no Instituto Tecnológico Autónomo de México, onde imparte clases de escrita e comunicación. Doutor en Literatura Española e Hispanoamericana pola UNED e membro do Sistema Nacional de Investigadoras e Investigadores de México. Traballa a literatura mexicana e española do século XX. Publicou en libros e revistas académicas internacionais.

Contacto con C. Arranz: conrado.arranz@gmail.com

